



DECRETO DA ALCALDIA DE DATA 30 DE MARZO DE 2020.-

Ante a extensión da pandemia do virus COVID – 19, e como continuación dos diversos Decretos e Bandos ditados por esta Alcaldía en datas pasadas, resulta necesario a adopción, no marco organizativo do Concello de Ribadavia, de medidas preventivas eficaces que eviten, na medida do posible, a propagación do coronavirus na nosa comunidade.

Visto o Real Decreto-Lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, publicado no B.O.E. de data 29.03.2020.

Vista a Disposición adicional primeira. Empregados públicos. O Ministerio de Política Territorial e Función Pública e os competentes nas comunidades autónomas e entidades locais quedan habilitados para ditar as instrucións e resolucións que sexan necesarias para regular a prestación de servizos dos empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co obxecto de manter o funcionamento dos servizos públicos que se consideren esenciais.

O Estado de Alarma comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais e industrias fixadas no citado Real Decreto.

Así mesmo as Administracións Públicas están obrigadas a facilitar medidas que favorezan o traballo dende as súas casas aos empregados públicos na medida do posible, e sempre que sexa viable a prestación dos servizos públicos por medios non presenciais.

Visto os antecedentes transcritos, no exercicio das atribucións legais que me confire o artigo 21.1, apartados a), d) e h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispoño:

1º) Aprobar o protocolo xeral de actuación do Concello de Ribadavia e dos seus organismos e entidades adscritos ou dependentes en relación co coronavirus COVID – 19, nos seguintes termos:

1.1. As oficinas municipais situadas no Concello, Praza Maior nº 4, permanecerán pechadas ao público.

A totalidade dos centros de traballo dependentes do Concello de Ribadavia permanecerán pechados ao público con carácter xeral a partir do día 30 de marzo de 2020 e ata o 9 de abril de 2020.

En consecuencia, os servizos administrativos, culturais, deportivos, turísticos e calesquera outros, os cales xa estaban en servizos mínimos e algúns pechados, incluíndo o uso de instalacións deportivas e centros culturais, quedan pechados e suspendidos na súa prestación ata o 9 de abril de 2020, coa excepción dos servizos administrativos que seguiran prestando de forma non presencial, tal como se sinala de seguido.

Os servizos de carácter administrativo continuarán a prestarse aos cidadáns, en horario de 9 a 14 horas, se ben de forma non presencial, utilizando os medios telefónicos e telemáticos dispoñibles. Para tal efecto, os interesados poderán tramitar as súas solicitudes e realizar as actuacións que resulten necesarias nos seus expedientes a través da sede electrónica do Concello de Ribadavia <http://ribadavia.sedelectronica.gal> (consta un enlace na páxina web do Concello www.ribadavia.es).

No caso de que os cidadáns carezan de medios para realización on-line dos trámites, atenderáselles mediante correo electrónico ou telefónicamente, nos seguintes termos:

a) Con carácter preferente, os cidadáns poderán remitir un correo electrónico indicando o trámite que desexen realizar. Os servizos municipais poráñse en contacto cos interesados o antes posibles, e facilitará as instrucións a seguir para a realización dos trámites. Na medida en que sexa legalmente posible, facilitarásese a presentación de documentación mediante correo electrónico, realizándose a presentación no Rexistro Electrónico polos propios empregados públicos.

b) En caso de non dispoñer de correo electrónico, os cidadáns poderán formular as súas consultas de forma telefónica. Para a remisión do correo electrónico ou a consulta telefónica empregaranse as direccións de correo e teléfonos que se transcriben a continuación: concello@ribadavia.es, 988477100 ou 604075136.

O persoal do Concello seguirá prestando os seus servizos mediante a modalidade de teletraballo, de acordo coas ferramentas facilitadas e dentro das súas posibilidades e capacidades.

O persoal das diversas áreas do Concello (servizos administrativos, culturais, deportivos, turísticos e calesquera outros) que non poida realizar a modalidade de teletraballo pasaran a disfrutar do permiso retribuído recuperable coa regulación fixada do Real Decreto Lei 10/2020.

1.2. Os Servizos Sociais Municipais, dado o seu carácter asistencial e sendo un servizo esencial nestes intres quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos polo responsable de Área, facilitando sempre que se poida o teletraballo aos empregados públicos que prestan servizo neste Departamento.

Aplicaranse os mesmos criterios sinalados anteriormente para o persoal do Concello, podendose comunicar con eles a través do teléfono 988 472 403 ou correo electrónico serviciososociais@ribadavia.es.

1.3. O persoal do servizo de limpeza, de acordo coa normativa vixente servizo considerado esencial, continuarán coa prestación do servizo de xeito ordinario, os cales poderán ser reforzados cando a situación o requira.

1.4. Os restantes departamentos municipais (Departamento de Obras e Vías públicas –Departamento de Electricidade – Cemiterios), deixaran de prestar os seus servizos salvo para casos de urxencia ou cando as necesidades o requiran, pasando a disfrutar do permiso retribuído recuperable coa regulación fixada do Real Decreto Lei 10/2020.

1.5. Dada a situación de crise sanitaria e tendo en conta o disposto polo Goberno de España, a Policía Local e o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil continuarán coa prestación dos respectivos servizos de xeito ordinario, que

poderán ser reforzados cando a situación o requira, podéndose comunicar nos seguintes teléfonos e direccións de correo electrónico:

- **Protección civil (650450078), proteccioncivilribadavia@gmail.com**
- **Policia Local (650450070), policialocal@ribadavia.es**

2º) Co obxecto de manter o axeiteado funcionamento dos servizos públicos, de xeito de garantir os servizos mínimos indispensables e inexcusables co persoal estrictamente necesario para elo, consideranse servizos mínimos os seguintes:

- a) Secretaria Municipal.
- b) Intervención Municipal.
- c) Tesoureira Municipal.
- d) Informática Municipal.

Todos eles, membros da Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 16.03.2020.

Os responsables sinalados anteriormente poderan desempeñar o seu servizo ben presencialmente, sempre que as circunstancias se llo permitan, ou ben telemáticamente, debendo permanecer en todo caso localizables e dispoñible coa finalidade de prestar servizo cando fosen requiridos e cando así o requiran as necesidades dos servizos.

3º) Ordenar a elaboración dun Bando e a publicación deste protocolo na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello, así como tamén notificarase os representantes legais do traballadores e os voceiros dos diversos grupos municipais.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,



ANTE MIN
O SECRETARIO



